



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Personál

Bases xerais procesos selectivos

ANUNCIO.- Publicación da Resolución número 414/2021 de 18/02/2021, relativa ao asunto “BASES XERAIS PROCESOS SELECTIVOS”

BASES XERAIS DE CONVOCATORIA PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS VACANTES, PERSOAL LABORAL E PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE ARTEIXO CORRESPONDENTES Á EXECUCIÓN DA OEP 2017 PENDENTE, OEP 2019 E OEP 2020

1.OBXECTO

É obxecto da presente, a regulación da estrutura xeral dos procesos selectivos para cobertura en propiedade de diversas prazas de persoal laboral e persoal funcionario do Concello de Arteixo a través de procedemento de concurso-oposición, en execución das convocatorias pendentes de realización das OEP´s 2017, 2019 e 2020.

As presentes bases xerais, acompañaranse en cada caso da convocatoria específica e bases reguladoras específicas das prazas correspondentes que conterà a denominación, grupo/subgrupo e escala de pertenza no caso de persoal funcionario e denominación, categoría/grupo e equivalencia con texto refundido do EBEP, no caso de persoal laboral. En ambos casos, a convocatoria e bases reguladoras específicas conterán a titulación establecida coma requisito de acceso, as funcións propias das prazas convocadas en relación aos postos de correspondencia na RPT, así como as retribucións vixentes no momento da convocatoria e condicións de desempeño laboral no relativo principalmente á distribución de xornada (xornada ordinaria, turnicidade, nocturnidade...) sen prexuízo de posteriores modificacións derivadas dunha nova RPT.

Será a publicidade no BOE da aprobación da convocatoria e bases reguladoras específicas a que dará inicio a cada un dos procesos selectivos respectivos.

Excluíranse da presente estrutura de bases xerais a convocatoria de prazas que pola súa pertenza a corpos especiais -Policía Local- estea determinada por marco legal específico, habilitación estatal e postos de colaboración. Quedan tamén excluídas as convocatorias xa aprobadas con anterioridade polo órgano competente con independencia do seu estado de tramitación actual. Así mesmo, non será de obrigatoria aplicación nos procesos de promoción interna, provisión de postos por concurso, procesos de funcionarización e similares restrinxidos a quenda interna.

2. REQUISITOS EXISIDOS

2.1.- Para ser admitida/o á realización das probas selectivas, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1.º Nacionalidade: ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.º Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto por desempeñar.

3.º Idade: ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non haber alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

4.º Habilitación: non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública, de órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, tanto para o acceso á función pública como para exercer funcións similares como persoal laboral sen que fose separado ou inhabilitado.

No caso dos estranxeiros, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos mesmos termos que os dos españois.

5.º Titulación: a que se determine na convocatoria e bases reguladoras específicas de cada un dos procesos selectivos.

As/os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.

Este requisito non será de aplicación ás/aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

6°. Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA III para os grupos/subgrupos AP de persoal funcionario e equivalentes da categoría/grupo de persoal de oficios do persoal laboral (limpadores, operarios, subalternos, conserxes -grupo V- e capataces e asimilados de oficios -grupo IV). Para os restantes grupos e categorías requirirase a posesión do título de CELGA IV, equivalente ou superior. As/os aspirantes que non a acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

2.2 Os requisitos establecidos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo ata o momento da efectiva contratación como persoal laboral fixo, con praza en propiedade/nomeamento como persoal funcionario de carreira.

3. INSTANCIAS E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Alcaldía-Presidencia. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado, na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **20 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE da CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS** de cada proceso selectivo de acceso, toda vez se teñan publicadas as referidas bases reguladoras específicas no BOP de A Coruña e anuncio de convocatoria no DOG. Con carácter previo se dará publicidade nos mesmos diarios oficiais sinalados das presentes bases xerais (BOP, DOG, BOE).

Complementariamente, as bases publicaranse na web municipal aos meros efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitido e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, as/os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación.

Á instancia acompañarase inescusablemente da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

- **DNI** (no seu defecto, resguardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- **Titulación requirida que será determinada en cada convocatoria e bases reguladoras específicas**
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2.4 ou, no seu caso, **declaración contida no Modelo de instancia** adxunto ás presentes bases e as bases específicas de cada proceso
- **Autobaremo que será aprobado como Anexo das bases específicas** de cada proceso segundo esquema do baremo de méritos establecido nas anteditas bases específicas con copia de todos os méritos académicos e profesionais. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia dos contratos de traballo máis o **Informe de vida laboral** ou, no caso de Administracións Públicas, copia do contrato e/ou acta de nomeamento e Certificado expedido polo fedatario público da administración no que deberá reflexarse o grupo/subgrupo do praza desempeñada, cómputo de datas e especificación da xornada (completa ou parcial)
- **Título de galego** que corresponda segundo o establecido nas bases específicas, aos efectos de exención de realización de proba de **galego**
- **Carta de pagamento** de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (Tesourería). Facilitarase como Anexo de cada convocatoria e bases específicas unha ficha de autoliquidación de taxas

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión da/o aspirante.

Quedarán exentas/os do pagamento das taxas de dereito de exame, aquelas/es aspirantes que acrediten discapacidade e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de discapacidade superior ao 33% ou certificado do SEPE de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou mais tempo) segundo a Ordenanza fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

O importe das taxas de exame serán establecidos en cada convocatoria e bases reguladoras específicas e só serán devoltos a quen non fora admitida/o ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, unicamente a aquelas/es aspirantes que resulten excluídas/os na listaxe definitiva.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias tras os 20 días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación no BOE da convocatoria e bases específicas de cada proceso selectivo, a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidas/os e excluídas/os con indicación, de ser o caso, dos motivos de

exclusión e do prazo para subsanación da documentación que, segundo os termos da Lei 39/2015 é de 10 días hábiles dende a publicación da aprobación da listaxe provisional no BOP de A Coruña, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e sede electrónica. Complementariamente e unicamente aos efectos informativos a listaxe provisional publicárase na páxina web municipal.

Na listaxe provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os de cada proceso, tamén se designará nominativamente aos membros integrantes do Tribunal cualificador aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados. Tales incidencias resolveranse coa aprobación da listaxe definitiva.

No caso de non existir aspirantes excluídas/os, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma Resolución. Publicárase no BOP, taboleiro de anuncios da Casa do Concello, así como na sede electrónica e complementariamente aos meros efectos informativos, na páxina web municipal, a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os e o lugar, día e hora de comezo das probas selectivas. Esta publicación será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Comezado cada proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe das/os aspirantes aprobadas/os en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e complementariamente na web municipal.

5. TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. Na Resolución da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, designárase nominativamente a composición do Tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados. Tales incidencias resolveranse coa aprobación da listaxe definitiva.

5.2. O Tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

- Presidenta/e: persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo dos grupos ou categorías profesionais correspondentes preferentemente do Concello de Arteixo ou doutra Administración Pública (titular e suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo correspondente, preferentemente do Concello de Arteixo ou de calquera outra Administración Pública (titular e suplente)
- Vogais: tres vogais, sendo persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera Administración Pública, da área competencial e/ou especialidade profesional da/s praza/s convocada/s.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os cales actuarán con voz e sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as/os interesadas/os poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia da/o Presidenta/e e da/o Secretaria/o, titular ou suplente.

5.4 O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde dos procesos selectivos en todo o que non estea previsto nestas bases xerais ou nas bases específicas de cada proceso selectivo.

5.5 Os acordos adoptados polo Tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6.- CONTIDO DOS PROCESOS SELECTIVOS, FORMA DE DESENVOLVEMENTE E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Desenvolvemento dos procesos selectivos: os procesos selectivos de cada convocatoria e bases reguladoras específicas, a través de procedemento de concurso-oposición, consistirá nunha fase de oposición (60%), previa á fase de concurso (40%), de xeito que unicamente as/os aspirantes aptos da fase de oposición, pasen á fase de concurso.

6.1 FASE DE OPOSICIÓN: CARÁCTER ELIMINATORIO

6.1.1 Normas de desenvolvemento da fase de oposición

a. As/os aspirantes serán convocadas/os para cada exercicio en chamamento único, e serán excluídas/os do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.

b. Nos procesos selectivos a realizar durante o actual período de pandemia, optarase, sempre que sexa posible e de acordo coa especialidade da praza a convocar e do subgrupo/categoría e tipoloxía das probas/exercicios, pola realización de probas non presenciais a través de plataformas on-line e similares (véxase base 9).

c. Os procesos selectivos a realizar durante o actual período de pandemia que inescusablemente deban realizar algún ou varios exercicios de forma presencial, someteranse ás instrucións que sexan ditadas polo Tribunal a través do seu Presidente. O cumprimento de tales medidas serán de obrigada observancia por parte do Tribunal e das/os aspirantes podendo determinar a exclusión do proceso no caso de incumprimento e/ou risco sanitario propio ou de terceiros.

Entre outras, o Tribunal a través do seu Presidente queda competencialmente capacitado para determinar medidas preventivas obrigatorias referidas á utilización de mascarillas homologadas, mantemento de distancia social no espazo de chamamento de aspirantes, formas e tempos de acceso ás instalacións de exames e calquera outra que estea motivada polas instrucións das autoridades sanitarias e/ou pola minimización de risco potencial (véxase base 9).

d. A orde de actuación dos opositores naqueles exercicios ou probas de carácter presencial que non podan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «B», de conformidade co previsto na Resolución de 21 de xullo de 2020, da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública (BOE nº 201 de 24 de xullo).

e. Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos no taboleiro de anuncios e, complementariamente na web municipal cunha antelación que posibilite que dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

Cando o Tribunal considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios/probas nunha mesma xornada, concedéndolle ás/aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración destes.

f. En calquera momento do proceso selectivo os órganos competentes de selección poderán requirir ás/aos opositores para que acrediten a súa identidade. Non obstante, os exercicios da fase de oposición realizaranse con código de anonimato sempre que sexa posible.

g. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algunha/algún das/os aspirantes non cumpre todos os requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia da/o interesada/o, deberá propoñer a súa exclusión ao Sr. Alcalde, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas pola/o aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes.

h. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios e na web municipal, a relación de aspirantes que acadaran o mínimo establecido para superalo con indicación da puntuación (no caso de exercicios eliminatórios) ou ben a cualificación obtida (no caso de exercicios non eliminatórios), podendo publicarse nome e apelidos parciais, DNI parcial ou código de anonimato das/os aspirantes presentadas/os.

i. Dado que os exercicios da fase de oposición realizaranse con código de anonimato sempre que sexa posible, o Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios que teñan que ser corrixidos directamente polo Tribunal sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das/os aspirantes. O Tribunal excluírá a aquelas/es candidatas/os en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

A tal efecto, unha vez efectuada a corrección dos exercicios indicados, procederase por parte do Tribunal á apertura dos sobres pechados que permitan asociar a cada aspirante co seu código identificativo aos efectos de recollelo nas correspondentes actas.

j. Os exercicios que se celebren por escrito con desenvolvemento de texto poderán ser lidos publicamente, se así o acorda o Tribunal.

K. Como norma xeral, establecerase un prazo de tres días hábiles, contados dende a data de publicidade das cualificacións dos distintos exercicios, para solicitar revisión de exámenes realizados ou para presentar reclamacións sobre cualificacións outorgadas polo Tribunal. Todo isto sen prexuízo do establecido legalmente na base final sobre impugnacións das actuacións do Tribunal e sen que isto implique paralización ou suspensión do proceso selectivo, salvo que o Tribunal así o considere para maior seguridade xurídica do procedemento.

L. Con carácter xeral en todos os exercicios da fase de oposición teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estea en vigor no momento de publicación da relación definitiva de aspirantes admitidas/os.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o Tribunal deberá cualificar os exercicios das/os aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos en cada unha das convocatorias e bases específicas e, no suposto de desenvolver os mesmos, deberá acreditar o coñecemento destes por parte das/os aspirantes con carácter previo á realización dos exercicios.

6.1.2 Exercicios da fase de oposición

A fase de OPOSICIÓN (60 %), de carácter previo a fase de concurso, estará estruturada segundo grupo/subgrupos e categorías das prazas convocadas. Cada convocatoria e bases específicas especificará cada un dos exercicios/probas dando cumprimento á estrutura de seguido determinada:

GRUPO A1 - Grupo I Laborais

1º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exame tipo test de mínimo 50 preguntas, máximo 100 preguntas con respostas alternativas sobre temario xeral e específico. Tempo máximo de realización: 1 hora a determinar segundo volume de preguntas.

Posibilidade de realización telemática a través de plataforma habilitada, facéndoo constar na publicidade do chamado para realización do exercicio. Ás/aos aspirantes que nese suposto carezan de equipamento informático necesario se lles posibilitará o mesmo.

Cualificación máxima 10 puntos (necesarios 5 puntos para superalo), a determinar criterios de puntuación das respostas nas bases reguladoras específicas de cada proceso.

2º exercicio: carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Exame teórico de sorteo de temas sobre temario xeral e específico. Tempo máximo de realización: 2 horas. Posibilidade de realización telemática a través de plataforma habilitada. Ás/aos aspirantes que nese suposto carezan de equipamento informático necesario se lles posibilitará o mesmo.

Cualificación máxima 20 puntos, a determinar criterios nas bases reguladoras específicas As/os aspirantes que non acudan ao presente exercicio serán cualificados cun 0 dado o seu carácter non eliminatorio.

3º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio. Exame suposto práctico sobre temario xeral e específico. Tempo máximo de realización: 3 horas.

Cualificación máxima 30 puntos (necesarios 15 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

4º exercicio: Galego. Obrigatorio e eliminatorio para todas/os as/os aspirantes que non aporten título para exención da realización desta proba.

Cualificación: Apto/non apto. A determinar criterios nas bases reguladoras específicas

GRUPO A2 - Grupo II Laborais

1º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio. Exame tipo test de mínimo 50 preguntas, máximo 100 preguntas con respostas alternativas sobre temario xeral e específico. Tempo máximo de realización: 1 hora a determinar segundo volume de preguntas. Posibilidade de realización telemática a través de plataforma habilitada. Ás/aos aspirantes que nese suposto carezan de equipamento informático necesario se lles posibilitará o mesmo.

Cualificación máxima 20 puntos (sendo necesarios 10 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

2º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio. Exame suposto práctico sobre temario xeral e específico. Tempo máximo de realización: 3 horas.

Cualificación máxima 40 puntos (necesarios 20 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

3º exercicio: Galego. Obrigatorio e eliminatorio para todas/os as/os aspirantes que non aporten título para exención da realización desta proba.

Cualificación: Apto/non apto. A determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

GRUPO B e C1 - Grupo III Laborais

1º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio. Exame tipo test de mínimo 50 preguntas, máximo 100 preguntas con respostas alternativas sobre temario xeral e específico. Tempo máximo de realización: 90 minutos a determinar segundo volume de preguntas. Posibilidade de realización telemática a través de plataforma habilitada. Ás/aos aspirantes que nese suposto carezan de equipamento informático necesario se lles posibilitará o mesmo.

Cualificación máxima 20 puntos (sendo necesarios 10 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

2º exercicio: carácter obrigatorio e non eliminatorio. Exame proba de capacitación/suposto práctico. Tempo máximo de realización: 2 horas. No caso do corpo administrativo de administración xeral poderá consistir exclusivamente en probas de capacitación referidas á administración electrónica relacionadas co temario anexo. No caso de prazas de técnico superior (B e C1) de administración especial ou equiparables laborais con temario específico, poderá consistir nun suposto relacionado co referido temario específico.

Posibilidade de realización telemática a través de plataforma habilitada. Ás/aos aspirantes que nese suposto carezan de equipamento informático necesario se lles posibilitará o mesmo.

Cualificación máxima 40 puntos, a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

3º exercicio: Galego. Obrigatorio e eliminatorio para todas/os as/os aspirantes que non aporten título para exención da realización desta proba.

Cualificación: Apto/non apto. A determinar criterios nas bases reguladoras específicas

GRUPO C2 - AP e asimilados laborais (grupo IV e V)

1º exercicio: carácter obrigatorio e non eliminatorio. Exame tipo test de mínimo 50 preguntas, con respostas alternativas sobre temario. Tempo máximo de realización: 1 hora. Cualificación máxima 10 puntos, a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

2º exercicio: carácter obrigatorio e eliminatorio. Exame proba de capacitación/suposto práctico. Tempo máximo de realización de cada aspirante: 2 horas.

Cualificación máxima 40 puntos (necesarios 20 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

3º exercicio: Galego. Obrigatorio e eliminatorio para todas/os as/os aspirantes que non aporten título para exención da realización desta proba.

Cualificación: Apto/non apto. A determinar criterios nas bases reguladoras específicas.

6.2 FASE DE CONCURSO: CARÁCTER NON ELIMINATORIO. BAREMO DE MÉRITOS

Determinarase en cada convocatoria e bases reguladoras específicas de cada un dos procesos selectivos da/s praza/s convocada/s. En calquera caso, e de aplicación a todos os procesos, a puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de 40 puntos, coa estrutura por grupos/categorías profesionais abaixo referida. A experiencia profesional poderá diferenciar méritos entre a administración pública e a empresa privada pero non establecerá diferenciacións preferentes por experiencia profesional no Concello de Arteixo fronte a outras administracións públicas de ámbito local, posibilitando non obstante diferenciación da puntuación de méritos entre administración pública local e outros niveis da administración (autonómica ou estatal).

Grupos A1-A2-B-C1 e asimilados laborais (grupos I-II-III)

FORMACIÓN ACADÉMICA (ata un máximo de 15 puntos, a determinar na convocatoria e bases reguladoras específicas).

EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 25 puntos, a determinar na convocatoria e bases reguladoras específicas).

Grupos C2-AP e asimilados laborais oficios (grupos IV-V)

FORMACIÓN ACADÉMICA (ata un máximo de 10 puntos, a determinar na convocatoria e bases reguladoras específicas).

EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 30 puntos, a determinar na convocatoria e bases reguladoras específicas).

A puntuación obtida na fase de concurso (máximo 40 puntos = 40% do total do proceso selectivo) de carácter non eliminatorio, non servirá para a superación de ningún exercicio da fase de oposición (máximo 60 puntos = 60 %).

7. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO/CONTRATACIÓN

As/os aspirantes que superen a fase de oposición, pasarán a fase de concurso, sumando as puntuacións desta última á puntuación da fase de oposición.

No suposto de que algunha/algún aspirante non achegue o currículo autobareado será cualificado con 0 puntos na fase de concurso con independencia doutra documentación que tivera aportado xustificativa de méritos profesionais e/ou académicos.

A puntuación final das probas selectivas, aos efectos de ordenación das/os opositores na relación de aprobados virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición mais a puntuación obtida na fase de concurso.

O Tribunal non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de prazas convocadas (tres) pero non obstante, en cada un dos procesos selectivos elaborárase unha listaxe de prelación de aspirantes ordenada segundo as cualificacións finais do proceso selectivo para supostos de renuncia, baixa voluntaria e/ou cobertura temporal de vacantes exclusivamente de prazas de análoga natureza.

No suposto de existencia de Bolsas de substitución, a listaxe das/os aspirantes de reserva derivada dos procesos selectivos para acceso en propiedade terá preferencia, colocándose ao inicio da listaxe.

No suposto de que ningunha/ningún aspirante supere o proceso selectivo o non existan suficientes aspirantes que superen o mesmo para as prazas convocadas en cada un dos procesos específicos, o Tribunal declarará deserta a convocatoria.

No suposto de convocatorias previas por quenda restrinxida a colectivo con especiais capacidades (33% incapacidade polo INSS e asimilables) no caso de declararse deserta a convocatoria específica, a vacante acumularase á convocatoria de quenda libre que corresponda.

En caso de empate nas cualificacións finais, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida na fase de oposición, de persistir o empate, prevalecerá a/o aspirante coa maior puntuación no exercicio práctico (suposto práctico). No suposto de persistir o empate, pola/o aspirante coa maior puntuación no primeiro exercicio, e se isto non fora suficiente, e de persistir o empate resolverase pola orde alfabética comezando pola letra "a".

As cualificacións finais das/os aspirantes aprobadas/os de cada proceso selectivo específico serán ordenadas con orde de prelación e publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org). No prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación, poderanse presentar reclamacións ou alegacións as mesmas, todo isto sen prexuízo dos prazos legalmente establecidos para interposición dos recursos que as/os lexitimamente interesadas/os podan interponer na defensa dos seus intereses.

Rematado o prazo de exposición referido, o Tribunal cualificador resolverá as reclamacións/alegacións presentadas elevando a proposta de cualificacións finais e de proposta de contratación/nomeamento das/os aspirantes correspondentes ás prazas convocadas en cada proceso específico. Tal proposta será elevada á Alcaldía-Presidencia, que resolverá proposta final de contratación/nomeamento, en réxime laboral modalidade de persoal laboral con praza en propiedade (persoal laboral fixo por tempo indefinido ao abeiro do establecido polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e demais normativa de dereito laboral de aplicación) ou réxime administrativo como persoal funcionario de carreira. Tanto no caso de propostas de contratación laboral como nomeamento como persoal funcionario, poderanse establecer períodos de proba de conformidade ao marco legal de aplicación de cada caso.

8- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E EFECTIVA CONTRATACIÓN/NOMEAMENTO

As/os aspirantes propostas/os deberán presentar dentro do prazo máximo de 20 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a proposta final de nomeamento/contrato), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida polo departamento de Persoal co fin de efectuar a contratación/nomeamento.

Estarán exentas/os, se tivesen relación anterior con esta administración local, da xustificación documental, aquelas/es que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento/contrato.

As/os aspirantes que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán se nomeadas/os ou contratadas/os, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición. Nestes casos nos que non se proceda á contratación ou toma de posesión sen que exista causa xustificada, entenderase que a/o aspirante renuncia, decaendo en todos os seus dereitos. Neste suposto, o Alcalde-Presidente formulará proposta de contratación/nomeamento a favor da/o seguinte candidata/o segundo a orde de prelación de puntuacións totais do proceso selectivo correspondente.

A adscripción ao posto de traballo correspondente á praza convocada, terá carácter definitivo e será preciso a permanencia mínima de dous anos na mesma para poder acceder a outro posto por concurso de ser o caso.

9. BASE EXCEPCIONAL: MEDIDAS PREVENTIVAS COVID-19

Dada a actual situación sanitaria provocada pola pandemia do SARS-COVID-19, o Tribunal, a través do Presidente deste, queda facultado para a adopción de todas as medidas preventivas que se consideren apropiadas para maior seguridade no desenvolvemento do proceso selectivo.

Tales medidas aprobadas a través de instrucións, deberán publicarse no taboleiro de anuncios e web municipal xunto co chamamento de aspirantes para realización en modalidade presencial dos exercicios da fase de oposición de cada un dos procesos selectivos específicos, sendo de obrigada observancia por parte das/os aspirantes. No suposto de que algunha/algún aspirante se negue á observancia de calquera das medidas que sexan determinadas para a súa propia seguridade e de terceiros (distanciamento, utilización de mascarilla homologada ou facilitada pola administración, instrucións sobre entrada/saída á sala de exame ou análogas) o Tribunal queda capacitado para determinala/o como non presentado, debendo recollelo explicitamente en acta.

O Tribunal queda competencialmente capacitado para convocar a realización de algún ou varios exercicios vía telemática, de contar co programa procedente no momento de chamamento para realización dos exercicios da fase de oposición, debendo publicar coa suficiente antelación tal acordo no taboleiro de anuncios e web municipal para xeral coñecemento das/os aspirantes.

O Tribunal queda competencialmente capacitado para xustificar coma causa de forza maior de inasistencia de aspirantes á realización de probas, especialmente probas presenciais, as situacións documentadas de illamento por corentena do SERGAS, illamento para realización de PCR e similares. Así mesmo, poderá desconvocarse a realización de chamamento de aspirantes na fase de oposición e inclusive a convocatoria do Tribunal nesa ou outra fase con carácter de urxencia fundamentado na situación epidemiolóxica, evolución da mesma e recomendacións das autoridades sanitarias. Os posteriores chamamentos deberán realizarse cunha antelación mínima de 72 horas coa oportuna publicidade que garante o coñecemento por parte das/os aspirantes de cada proceso, podendo a tal fin complementar os pertinentes anuncios co envío de emails facilitados polas/os candidatas/os.

Calquera acordo e/ou instrución derivada desta excepcional situación poderá ser modificada segundo as recomendacións técnico sanitarias do momento concreto, contando o Tribunal co asesoramento do Servizo de prevención por conta allea e do Comité de seguridade e saúde laboral, de ser preciso.

10. NORMA FINAL, LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME RECURSOS

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de Réxime das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal de cada proceso selectivo específico como único e máximo órgano competente no desenvolvemento dos procesos selectivos queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases xerais e na convocatoria e bases específicas de cada un dos procesos selectivos de acceso que sexan convocados. A súa actuación poderá ser impugnada coa interposición de recurso de alzada e calquera outro que se considere procedente en dereito de conformidade ao establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- RDLex 5/2015, de 30 de outubro, do texto refundido do EBEP
- RDLex 2/2015, do texto refundido do Estatuto dos Traballadores
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- Texto refundido da Lei de Igualdade das Mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local

- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

ANEXO I : MODELO DE INSTANCIA. A determinar coa convocatoria e bases específicas.

ANEXO II: TEMARIO. A determinar coa convocatoria e bases específicas.

ANEXO III: AUTOBAREMO. A determinar coa convocatoria e bases específicas.

Arteixo, 19 de febreiro de 2021

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2021/1357